

ADAPTACIÓN 2ª DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN, PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO, UN POSTO TEMPORAL DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO PARA REALIZACIÓN DAS TAREFAS DO PROXECTO EGI-ADVANCED COMPUTING FOR EOSC (EGI-ACE)" FINANCIADO POLA COMISIÓN EUROPEA DENTRO DO PROGRAMA HORIZONTE 2020, PARA ADECUALAS Á NORMATIVA DO REAL DECRETO-LEI 32/2021 DE 28 DE DECEMBRO E APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

REFERENCIA: EGI-ACE-2021-TSP1
NRP: 6091104

En data 06/05/2022 emítese pola dirección xeral de Función Pública informe favorable ás bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión temporal dun posto de técnico/a superior de proxecto que quedou vacante por dimisión do seu titular.

En data 12/05/2022 publicáronse as bases iniciándose o proceso de selección para cubrir a vacante.

En data 06/06/2022 quedou deserta esta praza por falta de candidatos que cumpran os requisitos, polo que resulta necesario facer de novo esta convocatoria para cubrir o posto.

En data 06/10/2022 publícanse as bases de novo, coas adaptacións correspondentes e o día 13/10/2022, dentro do prazo de presentación de solicitudes, suspéndese provisionalmente este prazo á espera de resolver dúbidas de carácter xurídico polos cambios producidos na lexislación laboral vixente.

Unha vez resoltas estas dúbidas, procédese de novo á apertura do prazo para a presentación de solicitudes, que será de dez (10) días naturais a contar a partir do día seguinte desta publicación na páxina web do CESGA.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O Director Xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira

